

## XENOFONTE

(Escolma para a PAU)

Bloque 3 (3º trimestre)

### 9. DESCRICIÓN DUN POBOADO ARMENIO (*Anábase 4.5.25*)

As casas eran subterráneas, cunha boca coma a dun pozo, pero anchas na parte inferior. As entradas para as bestas de carga eran uns furados, pero os humanos baixaban por unhas escaleiras. Dentro das casas había cabras, ovellas, vacas, aves, todas coas súas crías. Todos os animais eran alimentados dentro da casa con forraxe. Había tamén trigo, cebada, legumes e cervexa en xerras. Flotando naquel líquido había grans de cebada, e dentro había tamén unhas canas, unhas máis longas e outras máis curtas, sen unións. Sempre que alguén tiña sede, metía as canas na boca para chuchar. Era unha bebida moi forte, agás que se rebaixase con auga, mais moi agradable cando un se afacía a ela.

### 10. O EXÉRCITO GREGO AVISTA POR FIN O MAR E ESTOUPA DE XÚBILO (*Anábase 4.7.24*)

E, de socato, escoitaron os berros dos soldados: “O mar, o mar!”, e a noticia que pasaba duns ós outros. Logo, todos deron en correr, mesmo os soldados da retagarda, e tamén corrían cara adiante as bestas de carga e os cabalos. Así que todos chegaron ó cumio, abrazáronse todos, xenerais e oficiais, chorando. De súpeto, sen que ninguén saiba quen deu a orde, os soldados trouxeron pedras e erixiron un gran túmulo.

### 11. OS GREGOS DESPIDEN O GUÍA (*Anábase 4.7.27*)

Despois disto, os gregos despediron o guía, entregándolle varios regalos tomados do fondo común: un cabalo, unha copa de prata, unhas roupaxes persas e dez daricos. O que el pedía con máis insistencia, porén, eran os aneis, e recibiu moitos de parte dos soldados. Tras amosarlles unha aldea onde acampar, e mais o camiño que seguirían ata o país dos macróns, así que chegou o serán, marchou coa idea de viaxar de noite. Desde aquel lugar, os gregos avanzaron, a través do país dos macróns, dez parasangas en tres xornadas.

### 12. EFECTOS DO FRÍO (*Anábase 7.4.3*)

Estes, abandonando os seus fogares, fuxiron cara ás montañas. Había moita neve, e facía tanto frío que a auga e o viño que levaban para a cea se conxelou nas xerras. Ademais, a moitos dos gregos quedáronlles secos de frío os narices e

as orellas. Daquela quedou claro por que os tracios cubrían a cabeza e as orellas con puchos de pel de raposo, e prendas de roupa, non só para o peito, senón tamén para as coxas.

## **APOLODORO**

**(Escolma para a PAU)**

**Bloque 3 (3º trimestre)**

### **9. O ENIGMA DA ESFINXE DURANTE O REINADO DE CREONTE (Apolodoro, *Biblioteca* 3.5.8).**

Así pois, a Laio enterrouno Damasítrato, rei de Platea, e Creonte, fillo de Meneceo, subiu ó trono. Durante o seu reinado unha calamidade non pequena afectou a Tebas, pois Hera enviou alí a Esfinxe, cuxa nai foi Equidna e o seu pai Tifón. Tiña rostro de muller, peito, patas e cola de león, e ás de paxaro. Despois de aprender un enigma da boca das Musas, asentouse no monte Ficio, e propúxollo ós tebanos. Este era o enigma: quen é o que, tendo unha soa voz, pasa de catro pés a dous e logo a tres?

### **10. ANTÍGONA ENTERRA O SEU IRMÁN (Apolodoro, *Biblioteca* 3.7.1).**

Creonte, unha vez que se fixo co trono dos tebanos, deixou sen soterrar os cadáveres dos arxivos e, proclamando que ninguén debía enterralos, púxolles vixilantes. Mais Antígona, unha das fillas de Edipo, roubando ás agachadas o corpo de Polinices, enterrouno; descuberta polo propio Creonte, foi encerrada viva nunha tumba.

### **11. ASASINATO DE AGAMENÓN (Apolodoro, *Epítome* 6.23-24).**

Agamenón, logo de chegar a Micenas con Casandra, foi asasinado por Existo e Clitemnestra: déronlle unha túnica sen colo nin mangas, e foi asasinado mentres a poñía. Existo converteuse en rei de Micenas, e mataron tamén a Casandra. Electra, unha das fillas de Agamenón, levou de alí ás agachadas o seu irmán Orestes, e entregoullo a Estrofo o focio para que o criase. El criouno xunto co seu propio fillo Pílates.

### **12. ODISEO E A COVA DE POLIFEMO (Apolodoro, *Epítome* 7.4).**

Abandonando o resto das naves nunha illa próxima, achegouse á terra dos Cíclopes, desembarcando nela con doce dos seus compañeiros da nave. Había alí unha cova preto do mar, cara á que foi cun peleso de viño que lle dera Marón: era a cova de Polifemo, que era fillo de Poseidón e da ninfa Toosa, un home enorme, fero e antropófago, cun só ollo na fronte.